



PROGRAMA “ATRÉVETE”

Convocatoria do programa “Atrévete”. Este programa que se desenvolve no marco do Plan Eduemprende vai dirixido a fomentar, motivar e sensibilizar ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria no espírito emprendedor.

QUEN O ORGANIZA?

Esta acción establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e diferentes asociacións empresariais en favor do impulso dunha cultura emprendedora entre o alumnado.

OBXECTIVO

O obxectivo deste programa é dar a coñecer ao alumnado, directamente e a través do profesorado, o tecido industrial da súa contorna, en concreto as empresas das diferentes asociacións empresariais colaboradoras, e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora. Así mesmo preténdense desenvolver as competencias persoais e sociais, relacionadas co emprendemento, que preparen ao alumnado para confiar nas súas capacidades.

DESTINATARIOS

Alumnado de 5º/ 6º de Educación Primaria e 1º / 2º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Desenvolveranse de forma presencial ou virtual en función da evolución da situación sanitaria e sempre tendo en conta o establecido polo protocolo no ámbito educativo para este tipo de actividades.

Calendario das actividades

As actividades do programa, que se detallan a continuación, levaranse a cabo durante o curso 2020-2021. O calendario de visitas comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2021.

- **Actividades de fomento do emprendemento para 5º e 6º de Educación Primaria**
Ver anexo II
- **Xornadas de fomento do emprendemento para 1º e 2º curso de Educación Secundaria**
Ver anexo III

O profesorado, tanto de primaria como de secundaria, poderá atopar recursos didácticos sobre emprendemento no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/fp/programa-atrevete>

– **Concurso “Atrévete a ter unha idea”:**

Dirixido ao alumnado participante neste programa. Consiste en buscar unha boa idea de negocio, redactada como máximo en dous folios. Os traballos serán individuais. O prazo para a presentación remata o venres 14 de maio de 2021.

Os traballos deberán remitirse en documento adxunto polo profesorado coordinador ás asociacións empresariais nas direccións de e-mail que figuran no Anexo III de programa.

Para elaborar as redaccións deberá atenderse ao guiión facilitado no anexo IV. Valorarase a orixinalidade da idea, calidade do proxecto e presentación.

Premiaranse, en cada caso, as dúas mellores ideas de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º e 2º de ESO.

Número de prazas para as visitas

Adxudicarase unha visita por centro. O número máximo de alumnos/as por centro e visita será:

- 5º e 6º de Educación Primaria: máximo 50
- 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria: máximo 50

*Este número de alumnos/as poderá variar en función da empresa visitada e da situación sanitaria.

CERTIFICACIÓN

O traballo realizado polo profesorado coordinador deste programa nos centros solicitantes será recoñecido pola Administración Educativa como actividades de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado. O centro solicitante presentará xunto coa solicitude (ver anexo I) un proxecto no que deberá especificar:

- Planificación das actividades a desenvolver co alumnado participante de cara a conseguir o obxectivo xeral do programa Atrévete. Nesta planificación incluíranse as actividades que se desenvolveran ao longo do curso.
- Temporalización das actividades.

Unha vez rematado o programa, o profesorado coordinador enviará unha memoria do traballo realizado na que se reflectirán as diferentes actividades desenvolvidas así como a visita realizada. Para o recoñecemento como actividade de innovación educativa, será necesaria a valoración positiva da memoria e unha certificación do director/a do centro na que figure o profesorado coordinador do programa e as funcións realizadas.

SOLICITUDES

A solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico eduemprende@edu.xunta.es co seguinte asunto: Solicitude programa Atrévete 2020-2021.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o 9 de decembro de 2020.

SELECCIÓN DOS CENTROS

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado.

A listaxe dos centros seleccionados publicárase en

<http://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende-programa-atrevete>

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN PROGRAMA ATRÉVETE

DATOS DO CENTRO				
CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO		CIF
ENDEREZO		C.P	LOCALIDADE	CONCELLO
TELÉFONO		FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO
PERSOA COORDINADORA		TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO
Nº DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES		CURSO		DATA DE PREFERENCIA PARA A VISITA
SIGNATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE			SIGNATURA DA PERSOA COORDINADORA E DNI	

Anexo I: Solicitud (continuación)

Información básica sobre protección de datos persoais e dereitos dixitais

Responsable do tratamento.	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven, e informar sobre o seu estado de tramitación.
Lexitimación para o tratamento.	Cumprimento dunha misión de interese público (LOE) e, de ser o caso, consentimento da persoa interesada. https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos
Destinatarios/as dos datos.	As empresas, cando corresponda, e unicamente para facilitarlles a información que sexa estritamente necesaria para o desenvolvemento da actividade solicitada nas súas instalacións.
Exercicio de dereitos.	As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas de Rexistro e Información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en: https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos
Contacto delegado de protección de datos e información adicional.	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Nota: en cumprimento do establecido na Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dos dereitos dixitais, e do previsto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, infórmase de que os datos que nos facilite mediante a formalización do presente formulario pasarán a formar parte dun arquivo propiedade do Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, da Subdirección Xeral de Formación Profesional, e de que se utilizarán exclusivamente para tramitar a súa solicitude e para lle enviar a información pertinente. Así mesmo, infórmase a vostede de que pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través de: <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>

Lin e estou de acordo con estas condicións

ANEXO II

PROGRAMA ACTIVIDADES DE FOMENTO DO EMPRENDAMENTO 5º - 6º PRIMARIA	
09.50h	Chegada ao Centro Integrado de Formación Profesional de referencia
10.00h	Benvida
10.10h	Charla: Que é emprender?
11.10h	Experiencias emprendedoras na comarca (Empresarios/Representantes da Asociación de Empresarios)
11.30- 13.00 h	Visita ao Centro Integrado de Formación Profesional ou IES colaborador

PROVINCIA	ACTIVIDADES 5º- 6º Primaria	DATAS
A CORUÑA	CIFP Someso (A Coruña)	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
	CIFP Ferrolterra (Ferrol)	
	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela)	
	CIFP Coroso (Ribeira)	
	IES Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez)	
PROVINCIA	ACTIVIDADES 5º- 6º Primaria	
LUGO	CIFP Politécnico de Lugo (Lugo)	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
	IES Lois Peña Novo (Vilalba)	
PROVINCIA	ACTIVIDADES 5º - 6º Primaria	
OURENSE	CIFP A Farixa (Ourense)	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
PROVINCIA	ACTIVIDADES 5º- 6º Primaria	
PONTEVEDRA	CIFP Manuel Antonio (Vigo)	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
	IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa)	
	CIFP Carlos Oroza ((Pontevedra)	

ANEXO III

PROGRAMA XORNADAS DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO 1º - 2º DA ESO	
10.00h	Benvinda dos representantes da Asociación de Empresarios
10.30h	Reunión cun emprendedor ou emprendedora
11.00h	Visita a unha empresa da Asociación de Empresarios

PROVINCIA	ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS	DATA DAS VISITAS
A CORUÑA	Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña) Visita á empresa. Correo electrónico: asociacion@poligonosabon.org	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
	Asociación de Empresarios Ferrolterra (Ferrol) Visita á empresa. Correo electrónico: info@empresarios-ferrolterra.org	
	Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela) Visita á empresa. Correo electrónico: aepit@poligonotambre.com	
	Asociación de Empresarios de Riveira (Ribeira) Visita á empresa. Correo electrónico: correo@empresariosriveira.com	
	Asociación de Empresarios Seara (As Pontes de García Rodríguez) Visita á empresa. Correo electrónico: info@asociacionseara.com	
LUGO	Confederación de Empresarios de Lugo/Federación CEL Visita á empresa. Correo electrónico: comunicacion@cel.es	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
	Asociación de Empresarios Sete Pontes (Vilalba) Visita á empresa Correo electrónico: contacto@poligonosetepontes.com	
OURENSE	Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao Visita á empresa. Correo electrónico: multiusos@poligonosancibrao.com	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
PONTEVEDRA	Círculo de Empresarios de Galicia Visita á empresa Correo electrónico: secretaria@circulo.gal	Os venres dende o 11 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos incluídos)
	Federación Comarcal de Empresarios de Arosa Visita á empresa. Correo electrónico: secretaria@feca.es	
	Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra Visita á empresa. Correo electrónico: info@ajepontevedra.com	



ANEXO IV
Guión Concurso Atrévete a ter unha idea (Opcional)

1. Título da idea.

2. Orixe e descrición da idea.

Neste apartado describirase como xurdiu a idea, como se detectou a oportunidade de negocio, se é unha idea innovadora, a quen se dirixe, que necesidades cubre, problema/s que resolve, proposta de valor e en que se diferencia doutras ideas que hai no mercado.

3. Cales son os seus clientes e como vamos a contactalos.

Neste apartado describirase quenes son os clientes que van a comprar o produto/servizo e como se vai conseguir chegar ata eles e que merquen o produto/servizo.



4. Cal é a competencia.

Neste apartado describirase quenes son os competidores que existen no mercado para o produto/servizo e como se vai conseguir que se venda máis que o da competencia. De non ter o produto/servizo competidores directos, detallar cales serían os seus produtos substitutivos ou alternativos.

5. Como imos pór en marcha esta idea.

Neste apartado describirase que se necesita para pór en marcha a idea, e que pasos se van a seguir para poñela no mercado, a inversión necesaria, as vías de financiamento, etc.

6. Documentación adicional

Como documentación adicional poderase axuntar algún documento gráfico ou audiovisual que describa e axude a entender a idea (debuxo, esquema, vídeo explicativo de duración máxima 1 minuto...)